

CONVOCATORIA DE PROBA PARA UN CONTRATO FORMATIVO DE OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL NA CATEGORÍA DE REDACTOR/A NA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA SA.

1. OBXECTO

Selección de persoal para un contrato formativo de obtención da práctica profesional.

2. PUBLICIDADE

A convocatoria, listaxes e o calendario de celebración das probas publicaranse na páxina web da CRTVG (www.crtvg.gal), nomeadamente en <https://www.crtvg.gal/ofertas-de-emprego>, medio polo que se xestionarán todas as comunicacións relacionadas co desenvolvemento do proceso selectivo.

O anterior, sen prexuízo da publicación noutros medios coa finalidade de dar publicidade á convocatoria.

3. PERFIL DO POSTO

A categoría engloba ás persoas que posúen un dominio oral e escrito do idioma galego e elaboran a información para a Corporación RTVG nas fases de preparación, busca e redacción. Son responsables das fontes de información e mais da avaliación e orientación dos contidos, propoñen a ilustración e a montaxe das súas informacións e guións, poden asumir a dirección do equipo técnico necesario para a recollida e elaboración da información e a elaboración da información suporá realizar a edición básica da mesma cos medios postos a disposición pola empresa.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos á fin do prazo de presentación de solicitudes:

4.1. Requisitos xerais:

4.1.1. Ter 16 anos de idade.

4.1.2. Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos/das españois, dos/as nacionais dalgún dos estados

membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos/as nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separados/as de dereito, así como as persoas descendentes e os/as do/a seu/súa cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan as súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os/as estranxeiros/as con residencia legal en España en igualdade de condicións que os españois.

4.1.3. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

4.1.4. Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trata de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de ser persoa nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

4.2. Requisitos específicos:

4.2.1. Estar en posesión do **grao de Xornalismo**. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4.2.2. Non poderán participar no proceso as persoas que tivesen experiencia profesional ou tivesen realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da empresa por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación ou certificado que habilite para a contratación.

4.2.3. Que non estivese contratado en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a un ano en virtude da mesma titulación ou certificado de profesionalidade. Que non estivese contratado en prácticas na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior a un ano, aínda que se trate de distinta titulación ou distinto certificado.

4.2.4. O contrato de traballo para a obtención de práctica profesional deberá concertarse dentro dos tres anos, ou dos cinco anos se se concerta cunha persoa con discapacidade, seguintes á terminación dos correspondentes estudos.

Así mesmo, as persoas aspirantes non poderán ter relación laboral anterior coa CRTVG ou con outra empresa na mesma ou similar categoría laboral convocada.

5. TRIBUNAL

5.1. O tribunal encargado de valorar as probas estará formado polas seguintes persoas:

- Alejandro López Carballeira (subdirector de Xestión dos Servizos Informativos), presidente.
- Vitalina Cuña Palencia (coordinadora de Informativos da Radio Galega), vogal.
- Paulino Novo Folgueira (asesor lingüístico da CRTVG), vogal.
- Mercedes Blasco Zas (xefa do servizo de Formación e Xestión de Persoal), secretaria.

5.2. O desenvolvemento do proceso realizarase consonte aos principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade, concorrencia competitiva, transparencia e deberase garantir o segredo das probas.

5.3. As persoas membros do órgano de selección asinarán unha declaración de non atoparse incurso en ningún dos motivos previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Se á vista das listaxes de participantes observasen que concorren neles algúns dos citados motivos, deberán absterse de participar e notificaranllo ao órgano que convoca.

5.4.3. Adoptaranse os medios necesarios para que as persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% que precisen adaptacións poidan desenvolver as probas en condicións de igualdade.

5.5. A persoa coa condición de lingüista encargárase de cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto das persoas que compoñen o tribunal encargaranse da elaboración e puntuación do resto das probas, con excepción da persoa que ostente a secretaría, que non elaborará as probas nin as puntuará.

5.5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas coa condición de asesoras especialistas para todas ou algunha das probas, que se limitarán ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co órgano de selección. Deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público e notificaranllo ao órgano que convoca.

6. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN E LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

6.1. As persoas aspirantes deberán enviar por correo electrónico ao enderezo proceso.seleccion@crtvg.gal unha solicitude, segundo modelo do anexo I, e a documentación que se indica a continuación:

6.1.1. Curriculum vitae.

6.1.2. Fotocopia do DNI.

6.1.3. Acreditación do requisito académico solicitado onde conste a nota media do expediente (certificado do título ou similar).

6.1.4. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%, deberán facer constar no anexo se precisan de adaptación de tempo e/ou medios para a realización da proba e achegar o certificado da discapacidade onde conste o grao.

6.1.5. Declaración xurada, segundo Anexo II, no caso de ter formalizado outro contrato de traballo, de diferente modalidade ao de prácticas, onde conste que non realizou as tarefas da categoría convocada especificadas na presente convocatoria.

6.1.6. Certificación da vida laboral actualizada.

6.1.7. Para o caso de que tivese formalizado con anterioridade outro contrato en prácticas, un certificado emitido pola empresa no que conste a duración das prácticas, o posto de traballo desenvolvido e as principais tarefas realizadas.

6.1.8. Certificado correspondente ao nivel de coñecemento de lingua galega do Celga 4 ou superior.

6.2. O prazo de recepción de solicitudes remata o **10 de setembro**.

6.3. As persoas solicitantes que non achegasen a documentación requirida quedarán excluídas do proceso.

6.4. O tribunal publicará na páxina web de CRTVG <https://www.crtvg.gal/ofertas-de-emprego> a listaxe provisional de persoas admitidas entre as aspirantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación e seleccionará os quince (15) expedientes con maior nota media. Contra estas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas poderanse presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

As alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico proceso.seleccion@crtvg.gal. O tribunal resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de persoas admitidas na páxina web de CRTVG.

7. REALIZACIÓN DAS PROBAS

7.1. Poderanse presentar ás probas as persoas que figuren na listaxe definitiva de persoas admitidas.

Todos os exercicios realizaranse o **19 de setembro** na sede da CRTVG en San Marcos (Santiago de Compostela), ás 9:30 h.

As persoas aspirantes deberán estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.

7.2. A valoración de coñecementos farase a través de:

7.2.1. Proba lingüística (25%).

Nesta proba avaliarase a capacitación lingüística en galego do/a candidato/a. A proba constará de parte escrita e parte oral, que se puntuarán ao 50%.

7.2.1.1. A parte escrita consistirá en contestar 10 preguntas tipo test de contidos equivalentes en dificultade á certificación Celga 4.

7.2.1.2. A parte oral. Nesta proba valoraranse o vocalismo, o consonantismo e a entoación. A proba de lectura da redacción do punto 4 servirá tamén para puntuar a oralidade. A proba será gravada.

Para superala deben sumar entre a parte escrita e a oral unha puntuación de 5 sobre 10 e terá carácter eliminatorio.

A proba tipo test de lingua galega terá unha duración de 20 minutos.

7.2.2. Redacción de novas (25%).

Ponderarase sobre un máximo de 25 puntos e constará na elaboración dun boletín informativo de tres minutos a partir de varios teletipos ou notas de prensa. Esta proba terá unha duración específica de 45 minutos.

7.2.3. Deseño e elaboración dunha estratexia de promoción dun contido da CRTVG (25%).

Ponderarase sobre un máximo de 25 puntos. Constará da explicación por escrito das estratexias de publicación a través de web e redes sociais de contidos propios da CRTVG. Esta proba terá unha duración específica de 45 minutos.

7.2.4. Lectura da redacción e defensa de criterios utilizados (25%).

Ponderarase sobre un máximo de 25 puntos. Constará da locución á cámara da noticia redactada no punto 7.2.2. A proba será gravada.

Para acceder á praza convocada é necesario superar unha nota media entre todas as probas de 5 sobre 10.

8. RESULTADO DAS PROBAS REALIZADAS

O tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas na páxina web da CRTVG <https://www.crtvg.gal/ofertas-de-emprego>.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións contra eses resultados provisionais de cada proba no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa publicación.

As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico proceso.seleccion@crtvg.gal.

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

9. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATES

Para os efectos de confeccionar a listaxe definitiva de aprobados no suposto de que se produza un empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, a orde de prelación virá dada pola aplicación dos seguintes criterios de desempate:

- 1º. Aspirante de sexo feminino, nas categorías nas que se dean as condicións de infrarrepresentación previstas na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 2º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio práctico.
- 3º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio teórico.
- 4º. Aspirante de maior idade.
- 5º. Aspirante elixido por sorteo, para o caso de persistir o empate.

10. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

10.1 O tribunal publicará na páxina web de CRTVG a listaxe provisional de persoas aprobadas, contra a que se poderán presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais a contar desde a súa publicación.

10.2. O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco días desde a finalización do prazo de presentación de alegacións e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións, especificando as persoas que superaron o proceso.

11. CONDICIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS

O período de proba será dun mes. A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder dun ano.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos facilitados polas persoas aspirantes serán tratados pola Corporación Radio e Televisión de Galicia SA (Corporación RTVG), entidade prestadora do servizo de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela.

Os datos persoais facilitados no currículo e aqueles outros que se faciliten durante o proceso de selección serán tratados co fin de valorar e xestionar as solicitudes de emprego e, se é o caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, agás que a persoa interesada indique a súa vontade en contra, serán conservados cos fins indicados durante todo o período das prácticas, e da vixencia da listaxe de contratación se fose o caso, polo que será responsabilidade das persoas interesadas mantelos actualizados, xa que serán utilizados para comunicar as futuras vacantes que se axusten ao perfil e poidan resultar do interese das persoas aspirantes.

Ás persoas aspirantes daráselles unha folia de consentimento voluntario de tratamento de datos, informándoas de que os seus datos serán tratados sobre a base do seu consentimento, que poden retirar en calquera momento, suposto no que a súa candidatura poderá non ser tida en conta nos procesos de selección de persoal da CRTVG. No caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024

**CRTVG** CORPORATION
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Recursos Humanos

Víctor Tubío Villar

Director do Departamento de Recursos Humanos
Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA

ANEXO I**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO
CONTRATO PARA A OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL NA CATEGORÍA DE
REDACTOR/A**

| | |
|--------------------|--|
| Nome e apelidos | |
| Nº DNI, NIE... | |
| Enderezo | |
| Correo electrónico | |
| Teléfono | |
| Data de nacemento | |

| | |
|---------------------------------|--|
| Grao de discapacidade | |
| Adaptación de tempo e/ou medios | |

| DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA | |
|--------------------------|---|
| | Curriculum vitae |
| | Fotocopia DNI |
| | Acreditación da titulación e nota media do expediente |
| | Certificado de discapacidade |
| | Certificado de estar en posesión do nivel do Celga requirido |
| | Certificación da vida laboral actualizada |
| | Anexo II declaración de non ter realizado as tarefas |
| | Certificación da empresa (Só para os casos aos que se refire o punto 6.1.7) |

En _____ a _____

Asdo: _____

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA

_____ con DNI _____, declaro que nos contratos de traballo que figuran no certificado da vida laboral non realicei as tarefas da categoría de _____ convocada pola CRTVG, que especifican na convocatoria.

E para que así conste e para os efectos da participación no presente proceso de selección, asino a presente declaración en _____ o ____ de _____ do _____ .

